

# XUNTOS FACEMOS MÁIS POR VILARRODÍS

As prioridades en Vilarrodís céntranse en mellorar a seguridade e comunicacións dunha avenida principal que soporta gran densidade de tráfico, pero tamén co aproveitamento de todo o potencial que ofrece o entorno do río e as súas zonas verdes.

## FEITOS

✓ **NOVO PASEO FLUVIAL.** O Concello de Arteixo vén de rematar unha nova senda dun quilómetro de lonxitude que discorre acompañando o caudal do río Seixedo. Conta con dous tramos diferenciados: unha pasarela de madeira e outro con materiais máis compactos como pedra e formigón.

✓ **NOVO CENTRO SOCIAL.** Construíuse un amplo edificio conectado coa escola e que ofrece diferentes espazos para as actividades, reunións e actos dos veciños no día a día, complementando os servizos que xa proporciona a propia escola.

✓ **GRAN ZONA DE OCIO.** Unha área próxima aos 6.000 metros cadrados cunha gran zona deportiva que terá varias pistas, un aparcamento e tamén unha nova rúa que mellorará o acceso á escola. Todo cunha gran zona verde que se estende ata as marxes do regato das Teixueiras.

✓ **SENDA A LAXOBRE.** Con 300 metros de lonxitude para mellorar a seguridade vial nun tramo de gran volume de tráfico. Implementáronse canalizacións de servizo, elimináronse postes de formigón e renovouse a iluminación, ademais de mellorar e ampliar a calzada.

✓ **VIAL DO CENTRO DE SAÚDE.** Apertura dun vial para o acceso entre as rúas Ponte e Aguceira, fundamental para completar a trama urbana e mellorar a conectividade viaria, tanto de peóns como do tráfico rodado. Elimináronse barreiras arquitectónicas e regulouse a velocidade de circulación de vehículos, creando ademais novas prazas de aparcamento.

✓ **RENOVACIÓN DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO XERAL.** Carlos Calvelo pechou un convenio entre o Concello e a Xunta para duplicar o caudal e garantir a subministración de auga na zona coas obras de reforzo entre o polígono de Vío e o de Morás.

## PROXECTOS

✓ **ACCESIBILIDADE NA AVENIDA PLATAS VARELA.** Instalarase mobiliario urbano e resolveranse os problemas dos itinerarios peonís eliminando os desniveis, engadindo pasos de peóns e levando a cabo a reintegración ambiental da rúa.

✓ **ILUMINACIÓN EN PLATAS VARELA.** Está avanzado o proxecto con luminarias tipo led soportadas sobre columnas e báculos de 12 metros de altura. Mellorarase en seguridade, dirixindo a luz cara as zonas onde sexa necesario e reducindo a contaminación lumínica, e tamén en consumo, permitindo un aforro significativo.

✓ **DECLARAR VILARRODÍS ZONA ARI.** O Concello de Arteixo pedirá que se declare Vilarrodís como Área de Rehabilitación Integral (ARI) por parte da Xunta, para que os propietarios das vivendas poidan acceder a axudas directas para rehabilitar e mellorar as condicións dos edificios.

✓ **NOVA SENDA DENDE PLATAS VARELA ATA RÚA VILARRODÍS.** Habilitaranse elementos para o tránsito peonil co obxectivo de mellorar a conexión a través da rúa Río, facilitando o desprazamento e aumentando a seguridade.

✓ **NOVA SENDA DENDE AGOEIROS ATA LAXOBRE.** O Concello comunicará estas dúas áreas favorecendo a circulación a pé incrementando a seguridade.

✓ **AMPLIACIÓN DO PASEO FLUVIAL.** Continuarase co proxecto do paseo fluvial para ampliálo e permitir que o traxecto chegue a Maceira.

✓ **SERVIZO DE BICICLETAS PÚBLICO.** Calvelo tamén ten proxectado dous itinerarios para o servizo de bicicletas público de Arteixo. Dende Vilarrodís a O Moucho e dende Vilarrodís ao Seixedo.



- 1. O goberno de Calvelo construíu un paseo fluvial en Vilarrodís
- 2. Vilarrodís xa ten un centro social propio
- 3. Vilarrodís terá un servizo de bicicletas público